



galicia

## **XESTIÓN DO SOLO DE GALICIA-XESTUR, S.A.**

### **CONVOCATORIA XUNTA XERAL ORDINARIA**

O Consello de Administración de Xestión do solo de Galicia- Xestur, S.A., na súa reunión do 18 de marzo de 2014, acordou convocala Xunta Xeral Ordinaria de accionistas, que se celebrará en Santiago de Compostela, en Área Central, local 25Z-1º andar, Polígono Fontiñas, 15707 Santiago de Compostela, o 7 de maio de 2014, ás 12.00 horas horas en primeira convocatoria ou, de non alcanzarse o quorum necesario, o día seguinte, 8 de maio de 2014, no mesmo lugar e hora, en segunda convocatoria.

A Xunta Xeral de Accionistas convócase ó obxecto de deliberar e resolver acerca dos asuntos comprendidos na seguinte :

#### **ORDE DO DIA**

- 1.- Nomeamento, se procedera, do Presidente e Secretario da Xunta Xeral.
- 2.-Aprobación das Contas Anuais e do Informe das extintas Xestión Urbanística de A Coruña, S.A, Xestión Urbanística de Ourense .S.A, Xestión Urbanística de Lugo, S.A. e Xestión Urbanística de Pontevedra, S.A., correspondente o exercicio social pechado o 31 de decembro de 2013.
- 3.-Aprobación da proposta de aplicación do resultado.
- 4.- Aprobación, se procede, da ampliación do capital social , a subscribir polo IGVS trala renuncia ao dereito de subscrición preferente por parte dos demais accionistas, e co fin de atender a amortización parcial prevista no préstamo sindicado subscrito pola sociedade coas entidades de crédito, nos termos aprobados pola Xunta Xeral Extraordinaria de accionistas da sociedade celebrada, con carácter universal, o 18 de marzo de 2014.
- 5.- Modificación, no seu caso, dos artigos 6 e 7 dos Estatutos Sociais.
- 6.- Rogos e preguntas
- 7.-Formalización e execución de acordos.
- 8.- Aprobación da Acta da Xunta.

De conformidade co artigo 197 do Real Decreto Lei 1/2010, do Texto Refundido da Lei de Sociedades de Capital, os accionistas poderán solicitar dos Administradores, acerca dos asuntos comprendidos na Orde do día, as informacións ou aclaracións que estimen precisas, ou formular por escritos as preguntas que estimen pertinentes, ata o sétimo día anterior ó previsto para a celebración da Xunta. Así mesmo conforme o artigo 272 e 288 do Real Decreto Lei 1/2010, do Texto Refundido da Lei de Sociedades de Capital , calquera socio poderá obter da sociedade , de xeito inmediato e gratuíto, os documento que deben ser sometidos á aprobación da mesma, así como o informe de xestión e o informe do auditor de contas.

En Santiago de Compostela a 4 de abril de 2014.

O Secretario do Consello de Administración.

Ángel Rodríguez González

